

CIRCULAR Nº 16

ASUNTO:CIRCULAR Nº 16 FGB

FECHA DOCUMENTO:05/09/2016

NIVEL: 00

Tempada 16-17

Destino: Delegacións Zonais, Clubes, Entidades.

Asunto : Aclaracións Liga 1ª División Pre-Infantil

Debido ás múltiples cuestión efectuadas polos equipos con referencia a competición da 1ª División Pre-Infantil (masculina e feminina) aclaramos os seguintes puntos:

1º.- Ata un máximo de 3 xogadores/as que teñan licenza no equipo de 1ª División Pre-infantil do seu clube poderán alinearse no equipo de 1ª División Infantil do seu clube.

2º.- Ata un máximo de 3 xogadores/as (nados no ano 2004) que teñan licenza no equipo de 2ª División Infantil do seu clube poderán alinearse no equipo de 1ª División Pre-Infantil.

3º.- En ningún caso poderán alinearse xogadores/as inscritos na 1ª Div. Infantil e Pre-Infantil nos equipos de 2ª División Infantil.

4º.- Con referencia ás altas e baixas de xogadores/as poñemos os artigos correspondentes do Regulamento Xeral:

Art. 44.- No curso da tempada, un xogador que sexa aliñado e xogue, non poderá cambiar de equipo salvo o disposto no artigo anterior ou que se cumpran as condicións seguintes:

A) Que, no caso de que o equipo sexa de club distinto, conte coa correspondente carta de desvinculación outorgada polo club.

B) Que o novo equipo participe nunha competición distinta á que participa o equipo de procedencia.

Art. 45.- No curso dunha tempada autorizarase a un xogador o cambio de equipo calquera que sexa a súa categoría cos condicionantes reflectidos no artigo anterior. Tamén se autorizará o cambio de equipo o xogador que non se aliñe ou, facéndoo, que non xogue dentro da tempada en ningún encontro oficial co seu equipo de procedencia. En ambos os casos, debe obter previamente a carta de desvinculación.

Santiago, 22 Xaneiro 2016.



Asdo. Susana Fernández Fiuza



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO



Secretaria Xeral